

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª,  
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN  
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 22.05.2019

Hora: 10:30

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 22 de maio de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Preguntas**

- 1.1 43932 (10/POC-007043)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Novo Fariña, María Isabel e 7 máis  
Sobre as medidas que se teñen adoptado para potenciar o Grupo de Apoio Loxístico á Intervención, da Axencia Galega de Emerxencias (GALI)  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 419, do 25.01.2019*
- 1.2 44613 (10/POC-007139)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Prado del Río, Paula e 7 máis  
Sobre o deseño que presenta o plan de renovación do equipamento de mobiliario na Administración de xustiza de Galicia, a planificación da dotación precisa para ese fin en cada un dos órganos xudiciais e o horizonte previsto para o seu desenvolvemento  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 422, do 30.01.2019*
- 1.3 46590 (10/POC-007420)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Villares Naveira, Luis e 5 máis  
Sobre as actuacións previstas polo Goberno para reducir a taxa de violacións e de delitos de natureza sexual en Galicia, os factores do seu incremento no ano 2018 e os medios dispostos no eido da prevención  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 437, do 27.02.2019*
- 1.4 48771 (10/POC-007740)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis  
Sobre a opinión do Goberno galego referida ás incidencias producidas na intendencia relacionada cos cidadáns que formaron parte do xurado popular nun xuízo recente celebrado na Sección 2ª da Audiencia Provincial de Pontevedra, así como as actuacións previstas ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 458, do 09.04.2019*
- 1.5 49430 (10/POC-007826)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis  
Sobre o estado de conservación no que se atopan as instalacións do complexo deportivo de Acea de Ama, no concello de Culleredo, as obrigas da empresa concesionaria ao respecto, así como as actuacións e os investimentos previstos nel no ano 2019 pola Secretaría Xeral para o Deporte  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 470, do 30.04.2019*

**Punto 2. Proposicións non de lei**

- 2.1 47264 (10/PNC-003814)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Villares Naveira, Luis e Rodríguez Estévez, David  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa creación dos grupos de emerxencias supramunicipais de Maceda, Allariz, Silleda e A Veiga, así como da Montaña lucense  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 444, do 13.03.2019*
- 2.2 48682 (10/PNC-003932)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co xogo da billarda  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 458, do 09.04.2019*
- 2.3 49411 (10/PNC-004003)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis  
Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da transferencia ao Sergas das competencias en materia de sanidade penitenciaria  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 470, do 30.04.2019*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2019

César Manuel Fernández Gil  
Presidente da Comisión

**RELACIÓN DE MEMBROS DE  
COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE  
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR  
POR ORDE ALFABÉTICA**

**Mesa**

Presidente	
César Manuel Fernández Gil	P
Vicepresidenta	
María Julia Rodríguez Barreira	P
Secretaria	
Patricia Vilán Lorenzo	S

**Vogais**

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Isabel Novo Fariña	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Luis Villares Naveira	EM

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 22.05.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 22.05.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

1.1      43932(10/POC-007043)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Novo Fariña, María Isabel e 7 máis

Sobre as medidas que se teñen adoptado para potenciar o Grupo de Apoio Loxístico á Intervención, da Axencia Galega de Emerxencias (GALI)

*Publicación da iniciativa, 419, 25.01.2019*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/01/2019 12:05:45  
**Nº Rexistro: 43932**  
Data envío: 17/01/2019 12:05:45.522

### Á Mesa do Parlamento

**María Isabel Novo Fariña, Paula Prado del Río, María Julia Rodríguez Barreira, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago e Diego Calvo Pouso** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Os servizos de emerxencias asisten ós galegos en momentos de especial vulnerabilidade, polo que son unha parte fundamental da nosa sociedade.

O Grupo de Apoio Loxístico á Intervención da Axencia Galega de Emerxencias naceu no ano 2009 co obxectivo de ofrecer unha resposta especializada ante situacións e emerxencias de grave risco ou cando a magnitude do suceso supera a capacidade dos axentes que interveñen, polo cal, falamos de situacións moi graves e relevantes como poden ser incidencias de carácter medioambiental, efectos meteorolóxicos, busca de persoas desaparecidas, simulacros e plans de seguridade...

O GALI está formado por un equipo de persoas entre eles bombeiros instruídos en distintos ámbitos da atención ás emerxencias e un técnico da AXEGA para coordinar o grupo. Entre as súas tarefas destacan a localización de persoas desaparecidas e localización e perimetración de vertidos, colaborando con forzas e corpos de seguridade e con departamentos de medio ambiente; para elo conta con equipamento como as unidades de drones de última tecnoloxía que permiten facer esta tipoloxía de traballos con condicións adversas de meteoroloxía de noite e con chuva. Son moitas as actuacións nas que participa este grupo cada ano.

Dentro das propostas que recollía o programa electoral co que o grupo popular se presentou ás eleccións do 2016 está avanzar na modernización e coordinación dos servizos de Emerxencias e seguridade e en concreto, apostar e potenciar o GALI.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta oral en Comisión:

-Que medidas se teñen adoptado para potenciar o Grupo de Apoio Loxístico á Intervención da Axencia Galega de Emerxencias (GALI)?

CSM-REXISTRO-HSWNEG2cc-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdeg Galicia.com](http://www.ppdeg Galicia.com)



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/01/2019 12:05:45  
Nº Rexistro: 43932  
Data envío: 17/01/2019 12:05:45.522**

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**María Isabel Novo Fariña na data 17/01/2019 12:03:22**

**Paula Prado Del Río na data 17/01/2019 12:03:38**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 17/01/2019 12:03:51**

**César Manuel Fernández Gil na data 17/01/2019 12:04:03**

**Jacobo Moreira Ferro na data 17/01/2019 12:04:10**

**Antonio Mouriño Villar na data 17/01/2019 12:04:26**

**Alberto Pazos Couñago na data 17/01/2019 12:04:38**

**Diego Calvo Pouso na data 17/01/2019 12:04:51**



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 22.05.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

1.2      44613(10/POC-007139)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre o deseño que presenta o plan de renovación do  
equipamento de mobiliario na Administración de xustiza de  
Galicia, a planificación da dotación precisa para ese fin en  
cada un dos órganos xudiciais e o horizonte previsto para o  
seu desenvolvemento

*Publicación da iniciativa, 422, 30.01.2019*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/01/2019 17:49:02  
**Nº Rexistro: 44613**  
Data envío: 24/01/2019 17:49:02.595

### Á Mesa do Parlamento

**Paula Prado del Río, María Isabel Novo Fariña, María Julia Rodríguez Barreira, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago e Diego Calvo Pouso** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Moitos dos proxectos incluídos no Plan de Infraestruturas xudiciais aprobado polo Goberno autonómico no ano 2009 son xa unha realidade: a rehabilitación da Fábrica de Tabacos da Coruña, o novo edificio xudicial de Ourense, a restauración do antigo edificio dos xulgados de Ferrol, a construción da nova sede do Servizo de Notificacións e Embargos de Vigo ou o novo edificio xudicial de Santiago son algúns exemplos.

O investimento desde 2009 xa executado ou en licitación supera os 100 millóns de euros, e proximamente poderase contar tamén con tres proxectos de grande envergadura que servirán á mellora da administración da xustiza na Comunidade Autónoma nos vindeiros anos: Cidade da Xustiza de Vigo, novo edificio xudicial de Pontevedra e o edificio xudicial de Tui.

Dado que a modernización das infraestruturas xudiciais nas principais cidades e vilas galegas está a ser unha realidade, o Goberno galego vén de anunciar un Plan para a renovación do equipamento de mobiliario na Administración de xustiza en Galicia.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Como está deseñado o Plan de renovación do equipamento de mobiliario na Administración de xustiza en Galicia?
2. Está planificada a dotación precisa en cada un dos órganos xudiciais da nosa Comunidade?
3. Cal é o horizonte previsto para a renovación do equipamento de mobiliario na Administración de xustiza en Galicia?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019.

### Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSM-REXISTRO-YzwMiqT9k9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/01/2019 17:49:02  
Nº Rexistro: 44613  
Data envío: 24/01/2019 17:49:02.595**

**Paula Prado Del Río na data 24/01/2019 17:39:22**

**María Isabel Novo Fariña na data 24/01/2019 17:39:44**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 24/01/2019 17:39:57**

**César Manuel Fernández Gil na data 24/01/2019 17:40:13**

**Jacobo Moreira Ferro na data 24/01/2019 17:40:23**

**Antonio Mouriño Villar na data 24/01/2019 17:40:39**

**Alberto Pazos Couñago na data 24/01/2019 17:40:53**

**Diego Calvo Pouso na data 24/01/2019 17:41:04**



CSV: REXISTRO: YzwMct19i-9

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 22.05.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

1.3      46590(10/POC-007420)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno para reducir a taxa de violacións e de delitos de natureza sexual en Galicia, os factores do seu incremento no ano 2018 e os medios dispostos no eido da prevención

*Publicación da iniciativa, 437, 27.02.2019*



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luís Villares Naveira, Carmen Santos Queiruga, Paula Quinteiro Araujo, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez e Marcos Cal Ogando,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 1.ª**

Os casos de delitos sexuais están medrando en Galicia. Estes delitos pasaron de 459 a 540, con 56 violacións cometidas no ano 2018, 12 máis que no ano 2017.

Galicia é a sexta Comunidade Autónoma con máis incremento da delincuencia, inda que é a cuarta máis segura no cómputo total.

Os datos do Ministerio do Interior sobre os delitos cometidos no ano 2018 sinalan que houbo 77.969 infraccións penais cometidas, un 5.1% máis ca no 2017 e dous puntos superior á media do Estado.

Por provincias, a única provincia na que diminúen as violacións é a de Lugo, que pasa de 10 no ano 2017 a 5 no ano 2018, porén no resto das provincias medraron. Así na provincia da Coruña pasaron de 16 violacións a 20, en Ourense de 5 a 7 e en Pontevedra de 13 a 24, sendo a provincia na que máis delitos se cometeron deste tipo.

Por outra banda os delitos contra a liberdade e indemnidade sexual restantes tamén se incrementaron en todas as provincias. Entre outros abusos, acoso sexual, prostitución, provocación sexual, pornografía e exhibicionismo. Así, na Coruña aumentaron nun 20.1% , en Lugo un 4.9%, en Ourense un 58.5% e en Pontevedra un 5.9 % , sendo por tanto Ourense a provincia na que máis medraron este tipo de denuncias.





As agresións sexuais con penetración ou violacións no conxunto estatal no ano 2017 pasaron de ser 1387 ata as 1702 no ano 2018, cunha variación porcentual interanual do 22,7% mentres que o resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual pasaron de 10.305 no ano 2017 a 12.109 no ano 2018. En Galicia, pasaron no caso das violacións de 44 a 56 cunha variación de 27.3% interanual e no resto de delitos contra a indemnidade sexual de 415 a 484 cunha variación do 16.6% interanual.

Esta prevención e formación terá que ser máis recorrente no rural, a través das asociacións, nomeadamente das asociacións de mulleres, nas escolas e institutos, xa que pola orografía do noso país faise en ocasións difícil chegar a todos as xentes. Nestes casos, as administracións local terá unha especial relevancia no artello de cursos de formación en igualdade e prevención de ditos delitos contra a liberdade, e como actuar ante eles.

Este incremento significativo deste tipo de delitos da unha idea cruel da violencia que se segue a exercer contra as mulleres.

É necesario pois crear unha mesa de coordinación e análise autonómica sobre violencias sexuais, que analice as causas e afonde na prevención dos mesmos e na erradicación da violencia machista en colaboración co Consello galego de Mulleres e o Observatorio Galego de Violencia de xénero. Asemade, para un maior control da publicidade traballarán en conxunto coa Comisión Asesora de Publicidade Non Sexista, para analizar desde esta óptica toda a publicidade nos medios de titularidade públicos e privados e a súa incidencia na perpetuación das desigualdades que orixinan a violencia contra as mulleres.

Tamén é necesario que no Informe anual de seguimento da Lei 11/2007 para a prevención e o tratamento Integral da Violencia de Xénero de Galicia, que se entrega a esta cámara se faga fincapé na orixe e a tipoloxía destes delitos, e a súa resolución.





Dos delitos ocorridos no ano 2017, que se cometeron a razón de 1.37 diarios, esclarecéronse 354, houbo 253 detidos e investigados e 480 vítimas.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.- Como vai reducir a Xunta a taxa de violacións e delitos de natureza sexual que se producen en Galicia anualmente?
- 2.- Cales foron os factores, segundo a opinión da Xunta, do incremento destes delitos sexuais?
- 3.- Cantos foron os medios dispostos pola Xunta de Galicia no eido da prevención deste tipo de delitos de natureza sexual? E no eido da formación?
- 4.- Considera a Xunta que é necesario incrementar os recursos que se dedican á prevención e formación en igualdade para evitar a produción dos delitos contra a indemnidade e liberdade sexuais?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2019

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga


Paula Vázquez Verao

Paula Quinteiro Araujo

Davide Rodríguez Estévez

Marcos Cal Ogando

Deputadas e deputados do G.P. de En Marea



CSV: 47ZCP-0108  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Asinado dixitalmente por:**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/02/2019 17:42:34**  
**Nº Rexistro: 46590**  
Data envío: 20/02/2019 17:42:34.756



**Luis Villares Naveira na data 20/02/2019 17:35:00**

**Carmen Santos Queiruga na data 20/02/2019 17:35:08**

**Paula Vázquez Verao na data 20/02/2019 17:35:16**

**Paula Quinteiro Araújo na data 20/02/2019 17:35:21**

**David Rodríguez Estévez na data 20/02/2019 17:35:29**

**Marcos Cal Ogando na data 20/02/2019 17:35:38**

CSV: 47ZCP:01D8  
Validado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 22.05.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

1.4      48771(10/POC-007740)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida ás incidencias producidas na intendencia relacionada cos cidadáns que formaron parte do xurado popular nun xuízo recente celebrado na Sección 2ª da Audiencia Provincial de Pontevedra, así como as actuacións previstas ao respecto

*Publicación da iniciativa, 458, 09.04.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/04/2019 18:04:29  
Nº Rexistro: 48771  
Data envío: 04/04/2019 18:04:29.401

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O artigo 125 da Constitución española de 1978 dispón a participación da cidadanía na institución do xurado como un dereito, sendo ademais unha obriga dende que así se estableceu na lei orgánica do xurado de 22 de maio de 1995. A ninguén se lle escapa que participar nun xurado supón unha obriga que xera presión aos 11 cidadáns legos en Dereito (9 titulares e 2 suplentes) que deben exercer esta función cando son seleccionados e posteriormente elixidos.

Nestes días, celebrouse na Sección 2ª da Audiencia Provincial de Pontevedra o coñecido como “crime da rozadora” e os cidadáns xurados que participaron tiveron que estar 2 días enteiros deliberando (incomunicados, polo tanto) para chegar a un veredicto. O que ocorreu foi que a Dirección Xeral de Xustiza do Goberno da Xunta de Galicia (que así o vén facendo dende que Feijóo é presidente) non dotou dos medios necesarios ás persoas formaron parte do xurado popular: nin botellas de auga nas horas que duraron as sesións de deliberación, nin comida “decente”, nin cea (tiveron que ir cear a unha bocatería, escoltados pola Policía Nacional), nin habitacións dispoñibles á hora que saíron da Audiencia.

É dicir, unha absoluta imprevisión, pese a que a Dirección Xeral de Xustiza ten coñecemento de que vai haber sorteo de xurados 2 ou 3 meses antes de que comencen os xuízos, imprevisión que tivo que solucionar o persoal adscrito á Sección 2ª da Audiencia Provincial. Hai anos, era persoal da Xunta de Galicia quen xestionaba este tipo de trámites, pero hai anos que se ten desentendido a Dirección Xeral de Xustiza e, polo tanto, o conselleiro de Xustiza, o señor Rueda.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cre realmente o Goberno da Xunta de Galicia na institución do xurado popular do artigo 125 da CE de 1978?
2. Que ten que dicir o Goberno das incidencias na intendencia relacionada cos cidadáns xurados que participaron no xuízo polo coñecido como “crime da rozadora” na Sección 2ª da Audiencia Provincial de Pontevedra?

CSM-REXISTRO-TRAMITACION  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/04/2019 18:04:29**  
**Nº Registro: 48771**  
Data envío: 04/04/2019 18:04:29.401

3. De quen é a responsabilidade de non ter dotado dos medios necesarios ás persoas que formaron parte dese xurado popular?
4. Vai depurar responsabilidades o Goberno?
5. Vai nomear o Goberno a persoal propio para xestionar todos os trámites relacionados coa intendencia das persoas que forman parte dos xurados populares? Cando?

Pazo do Parlamento, 04 de abril de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 04/04/2019 18:02:01**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 04/04/2019 18:02:06**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/04/2019 18:02:11**



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 22.05.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

1.5      49430(10/POC-007826)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o estado de conservación no que se atopan as  
instalacións do complexo deportivo de Acea de Ama, no  
concello de Culleredo, as obrigas da empresa concesionaria ao  
respecto, así como as actuacións e os investimentos previstos  
nel no ano 2019 pola Secretaría Xeral para o Deporte

*Publicación da iniciativa, 470, 30.04.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 26/04/2019 10:53:51  
Nº Rexistro: 49430  
Data envío: 26/04/2019 10:53:51.199

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á situación do complexo deportivo de Acea de Ama e as previsións de investimentos por parte da Xunta de Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. No concello de Culleredo está emprazado o complexo deportivo de Acea de Ama, dependente da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galiza, que está dotado con instalacións para a práctica de diferentes deportes.

Debido á falta de investimentos e á carencia dunha axeitada conservación e mantemento, unha parte dos equipamentos adoecen de numerosas deficiencias:

O campo de rugby está nun estado lamentable.

O edificio central ten o tellado en mal estado, con tellas caendo.

As pistas de padel están cheas de silveiras.

As pistas de baloncesto teñen o pavimento deteriorado.

As pistas de futbito que había tamén co pavimento estragado, convertéronas en aparcadoiros diante da piscina.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/04/2019 10:53:51**  
**Nº Rexistro: 49430**  
Data envío: 26/04/2019 10:53:51.199

Mentres que as instalacións da piscina son xestionadas e atendidas por unha empresa concesionaria, o resto das instalacións están nun estado de abandono, polo que cómpre aclarar a quen corresponde a conservación e mantemento destes espazos.

2. A maiores están as restricións para o uso das instalacións por parte dos clubs deportivos da zona, que deberían ter un uso preferente ao tratarse dun equipamento público. Así, os tres clubs de natación de Culleredo non teñen reservas de calles e horarios, a non ser aquelas poucas que lles paga o concello de Culleredo, polo que teñen que desprazarse para adestrar á piscina de San Diego na Coruña ou á Barcala en Cambre.

E o Portádego Fútbol Clube ten que pagar 8000€ ano polo uso do campo de fútbol.

3. Por outra parte, a empresa municipal de Augas da Coruña, EMALCSA, está realizando obras de abastecemento de auga a Coruña que carecen de licenza urbanística e afectan aos terreos do complexo deportivo de Acea de Ama, incluíndo un humidal catalogado.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. A quen lle corresponde a conservación e mantemento das instalacións deportivas de Acea de Ama?

2. Que obrigas ten a empresa concesionaria a respecto da conservación e mantemento das instalacións, pistas deportivas, edificios e zonas verdes?

CSX: REXISTROBIXYqctch9  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/04/2019 10:53:51**  
**Nº Rexistro: 49430**  
Data envío: 26/04/2019 10:53:51.199

3. Que investimentos ten previsto realizar a Secretaría Xeral para o Deporte en Acea de Ama no presente ano 2019 e en que actuacións?

4. Ten previsto a Secretaría Xeral para o Deporte facilitar o uso das instalacións por parte dos clubs deportivos da zona?

5. Ten coñecemento a Xunta de Galiza das obras que prevé realizar EMALSA e que afectan ao complexo deportivo e a un humidal catalogado?

6. Informou favorablemente a Xunta de Galiza as citadas obras?

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 26/04/2019 10:51:56**



CSV: REXISTROBIXYqctch9

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 26/04/2019 10:53:51  
Nº Rexistro: 49430  
Data envío: 26/04/2019 10:53:51.199

**María Montserrat Prado Cores na data 26/04/2019 10:52:03**

**Ana Pontón Mondelo na data 26/04/2019 10:52:04**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 26/04/2019 10:52:06**

**Olalla Rodil Fernández na data 26/04/2019 10:52:07**

**Noa Presas Bergantiños na data 26/04/2019 10:52:09**

CSV XESTROBIXYqctch9  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 22.05.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

2.        Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 22.05.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

2.1      47264(10/PNC-003814)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e Rodríguez Estévez, David

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en  
relación coa creación dos grupos de emerxencias  
supramunicipais de Maceda, Allariz, Silleda e A Veiga, así  
como da Montaña lucense

*Publicación da iniciativa, 444, 13.03.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/03/2019 09:53:40  
Nº Rexistro: 47264  
Data envío: 05/03/2019 09:53:40.014



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Luís Villares Naveira** e **Davide Rodríguez Estévez** e da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na **Comisión 1.ª**

### Exposición de motivos:

Os Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) creáronse no ano 2013 mediante un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, as Deputacións provinciais e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para cubrir a rede de emerxencias de Galicia nas que había zonas de sombra, onde os parques de bombeiros non chegaban a dar cobertura.

Neste convenio recóllense as funcións encomendadas aos GES entre as que se atopan a intervención en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial da súa demarcación, definición de redes de faixas de xestión da biomasa de prevención e defensa contra os incendios forestais, investigación da propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal, prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, que creen discontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal, mediante rozas en terreos forestais de titularidade dos concellos ou de propietarias descoñecidas e perímetros e parcelas declaradas como abandonadas, actuacións de prevención de pragas (vespa velutina, etc.) como control e retirada de niños, intervención en situacións de risco e de emerxencia para manter a rede de estradas mediante a limpeza e retirada de obxectos, especialmente no caso de accidentes, intervención en situacións derivadas de riscos naturais, nevaradas, inundacións, temporais,





xeadas, choivas intensas, sismos, derrubes, colaborar en casos de aglomeracións de persoas en lugares e momentos determinados, etc.

Os concellos de Maceda, Allariz e A Veiga reclamaron a creación de GES para dar cobertura ás zonas de poboación, que non teñen bombeiros preto e que por proximidades cubran as zonas de sombra existentes actualmente. Hai 27 GES e para completar o mapa de emerxencias que abarcase todo o territorio precisaríanse 8 novos GES.

O GES da Fonsagrada que está inactivo, a sede deste pasou a Baleira, inda que deixa sen cobertura a moitas das localidades máis afastadas, sobre todo na alta montaña lucense, co que coa produción dun sinistro este pode ter unha incidencia maior, sendo inasumible polas condicións de acceso a estas localidades e polas distancias que o GES de Becerreá ou outros teñen que asumir.

Ademais, outras localidades como Silleda tamén mostraron a necesidade de contar cun GES específico ou ben a inclusión no convenio da zona que lle corresponda, para que non se dean casos como os do ano pasado que quedaron sen cobertura.

Este concello conta con parque de bombeiros e non se incluíu no convenio de zona cos GES de Lalín e/ou da Estrada.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.<sup>a</sup>

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

- 1.- Aprobar a creación don GES de Maceda, Allariz, Silleda e A Veiga e dotalos de orzamento.
- 2.- Crear un GES na montaña lucense que reduza os tempos de resposta as emerxencias que se produzan.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/03/2019 09:53:40**  
**Nº Rexistro: 47264**  
Data envío: 05/03/2019 09:53:40.014



Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Vázquez Veroa

Luís Villares Naveira


Deputado, deputada e Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 05/03/2019 09:40:38**

**Paula Vázquez Veroa na data 05/03/2019 09:40:48**

**Luis Villares Naveira na data 05/03/2019 09:40:52**



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 22.05.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

2.2      48682(10/PNC-003932)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en  
relación co xogo da billarda

*Publicación da iniciativa, 458, 09.04.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/04/2019 13:07:04  
**Nº Rexistro: 48682**  
Data envío: 04/04/2019 13:07:04.488

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A billarda é un xogo que forma parte da tradición cultural galega. Aínda que a súa práctica foi minguando ao longo do tempo, aínda se conserva nalgunhas zonas do país. Desde o ano 2003 véñense organizando en Galiza competicións de billarda. O proceso de recuperación comezou na Mariña de Lugo, e desde aí foi estendéndose a case todo o territorio galego. No 2005 produciuse unha unificación de normas a partir do xeito tradicional e neses anos creouse a Liga Nacional de Billarda, que organiza competicións comarcais en todo o territorio galego agás en Ourense, onde non hai competición mais si torneos de exhibición ao longo do verán.

Nos primeiros anos de recuperación creáronse tres conferencias ou competicións: a Nordeste (Lugo), a Noroeste (Coruña) e Rías Baixas (Pontevedra). Entre 2010 e 2013 creáronse 6 conferencias. Nos tres últimos anos seguiu incrementándose o número de practicantes, que na actualidade é dunhas 320 persoas, das que un 35% son mulleres.

Cómpre ter en conta que se trata dunha actividade deportiva que combina competición e participación e que ten unha alta potencialidade de desenvolvemento

CSM-REXISTROV\F92Z7\U03  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/04/2019 13:07:04**  
**Nº Registro: 48682**  
Data envío: 04/04/2019 13:07:04.488

social e no eido educativo por tratarse dun xogo que transmite valores positivos, é inclusivo e fomenta a relación interxeracional.

Para continuar co proceso de recuperación e expansión, a billarda precisa de apoio institucional desde a Xunta de Galiza, as deputacións e os concellos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a

1. Recoñecer a billarda como modalidade deportiva.
2. Desenvolver un programa de divulgación e expansión deste xogo no ámbito educativo e no conxunto da sociedade.
3. Fomentar e apoiar as competicións de billarda que se desenvolven no territorio galego, así como o intercambio con outros países.
4. Colaborar con concellos e deputacións para desenvolver un plan de creación de infraestruturas para a práctica da billarda.”

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

CSX4:REXISTROV\Faiz21Ub3  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/04/2019 13:07:04**  
**Nº Registro: 48682**  
Data envío: 04/04/2019 13:07:04.488

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 04/04/2019 13:00:48**

**María Montserrat Prado Cores na data 04/04/2019 13:00:55**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/04/2019 13:00:57**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 04/04/2019 13:00:59**

**Olalla Rodil Fernández na data 04/04/2019 13:01:00**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/04/2019 13:01:02**



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 22.05.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

2.3      49411(10/PNC-004003)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da  
transferencia ao Sergas das competencias en materia de  
sanidade penitenciaria

*Publicación da iniciativa, 470, 30.04.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 25/04/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 49411  
Data envío: 24/04/2019 18:52:07.124

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

### Exposición de motivos

O día 5 de maio de 2015, o Pleno do Parlamento aprobaba por unanimidade unha proposición non de lei pola que se instaba a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno do Estado o traspaso das competencias en materia de sanidade penitenciaria para a súa asunción polo Sergas, debendo acompañar esta transferencia dos medios económicos e materiais necesarios, así como para incorporar á poboación reclusa ao Plan Estratéxico de Abordaxe da Hepatite C (posto que nos cárceres galegos hai centos de persoas reclusas afectadas por esta enfermidade). A finais do ano 2016, o Senado aprobaba, tamén por unanimidade, o traspaso das competencias da sanidade penitenciaria ás comunidades autónomas ou ao Sistema nacional de saúde.

A propia Lei xeral de sanidade, do 25 de abril de 1986, recolle como o seu obxectivo fundamental facer efectivo o dereito á protección da saúde e o deseño do Sistema Nacional de Saúde (SNS) como sistema que debe comprender toda estrutura da sanidade pública. Xa posteriormente, a exposición de motivos da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, fala da universalidade dos coidados médicos para toda a poboación e de que estes deben ser prestados con criterios de equidade e calidade. Finalmente, na súa Disposición adicional 6ª, esta mesma norma establece a obriga do traspaso de competencias en materia de sanidade penitenciaria, para a súa posterior integración nos respectivos servizos de saúde autonómicos.

O anterior significa que cómpre que a Administración sanitaria galega proceda á constitución da mesa mixta Comunidade Autónoma-Estado para o comezo das negociacións. A realidade é que, no centro penitenciario de A Lama, por exemplo, hai escaseza de persoal médico e, pese a abundancia de patoloxías

CSM-REXISTROXERAL  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/04/2019 09:30:00**  
**Nº Registro: 49411**  
Data envío: 24/04/2019 18:52:07.124

psiquiátricas das persoas internas, a psiquiatra que está contratada visita o centro só un par de veces ao mes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado a transferencia das competencias en materia de sanidade penitenciaria ao Sergas, incluíndo tamén a dotación dos medios económicos e materiais necesarios para atender á prestación do servizo, cumprindo así a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde e o mandato parlamentario acadado por unanimidade polo Pleno do Parlamento de Galicia o día 5 de maio de 2015.

Pazo do Parlamento, 23 de abril de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 24/04/2019 18:11:52**

**Julio Torrado Quintela na data 24/04/2019 18:11:57**

**Noela Blanco Rodríguez na data 24/04/2019 18:12:02**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 24/04/2019 18:12:08**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/04/2019 18:12:15**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/04/2019 18:12:17**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es